

Primaria

# Lingua 5

Programación

## Unidade 4

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliados
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

Sentidiño...

### Descrición da unidade

A lectura inicial desta unidade presenta unha situación (a aula) e uns personaxes (o profesor e os alumnos) moi próximos e cotiáns. Por iso, e porque se trata dun texto sinxelo e divertido, de seguro captará o interese do alumnado. A lectura introduce, como é habitual, o campo semántico que servirá de eixe ao conxunto da unidade: os sentidos. E serve como punto de partida para tratar outros contidos que se desenvolven despois: as palabras polisémicas, as clases de substantivos e o acento diacrítico. Tamén hai sitio para a poesía, nos apartados de Expresión, Literatura e Cultura, de maneira que os escolares poidan traballar con diferentes modelos textuais e descubrir a riqueza das composicións populares. Poderán, así mesmo, mellorar as súas competencias básicas tanto de maneira individual como a través do traballo colectivo.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido aos sentidos.
- Palabras polisémicas.
- Clasificación dos substantivos.
- Uso do til diacrítico.
- Recitado dun poema.
- Identificación dalgúns recursos literarios: comparación e metáfora.
- Aspectos propios da nosa cultura.

### Temporalización:

Novembro

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Utilizar correctamente o léxico referido aos sentidos.
2. Recoñecer palabras polisémicas.
3. Clasificar nomes.
4. Coñecer e aplicar o til diacrítico.
5. Recitar un poema.
6. Recoñecer comparacións e metáforas.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Audición do texto da lectura e o do apartado «Escoito e falo» cunha actitude favorable.</li> <li>• Lectura e comprensión dun texto narrativo.</li> <li>• Adquisición de novo vocabulario referido aos sentidos e identificación das palabras polisémicas.</li> <li>• Clasificación dos nomes.</li> <li>• Uso do til diacrítico.</li> <li>• Recitado dun poema.</li> <li>• Identificación dalgúns recursos literarios: a comparación e a metáfora.</li> <li>• Coñecemento dalgúns aspectos propios da nosa cultura: cantigas populares.</li> </ul>	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto narrativo con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Aumentar o vocabulario referido aos sentidos e recoñecer as palabras polisémicas.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos sentidos e palabras novas. 3.2. Utiliza correctamente os distintos significados dunha palabra.
	4. Clasificar os substantivos.	4.1. Distingue entre nomes comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.
	5. Recoñecer a función do acento diacrítico como diferenciador de palabras que se escriben igual.	5.1. Aplica correctamente o acento diacrítico nalgunhas parellas de palabras moi usuais.
	6. Recitar un poema.	6.1. Recita un poema coa entoación adecuada e facendo as pausas necesarias.
	7. Identificar comparacións e metáforas.	7.1. Recoñece e analiza algúns recursos literarios: a comparación e a metáfora.
	8. Aprender algúns aspectos propios da nosa cultura.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgunhas destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliados	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais atentamente.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD-Audio do LA.</li> </ul>
2.1. Le un texto narrativo con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li> </ul>
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Ficha de comprensión lectora dos RF.</li> </ul>
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido aos sentidos e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
3.2. Utiliza correctamente os distintos significados dunha palabra.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 1 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF.</li> </ul>
4.1. Distingue entre nomes comúns e propios, concretos e abstractos, individuais e colectivos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 2 de reforzo e actividades 2 e 3 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
5.1. Aplica correctamente o acento diacrítico nalgúns parellas de palabras moi usuais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 4 de reforzo e actividade 5 de ampliación dos RF.</li> <li>• Ditado complementario proposto na PD.</li> <li>• CD-Audio do LA (ditado).</li> </ul>
5.2. Coloca o signo de admiración en frases exclamativas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> <li>• CD-Audio do LA (ditado).</li> </ul>
6.1. Recita un poema coa entoación adecuada e facendo as pausas necesarias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na primeira dobre páxina desta unidade da PD.</li> <li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na páxina da PD correspondente ao apartado de Expresión.</li> </ul>

7.1. Recoñece e analiza algúns recursos literarios: a comparación e a metáfora.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li><li>• Actividade 3 de reforzo e actividade 4 de ampliación dos RF.</li></ul>
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos propios da nosa cultura.	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selección de actividades do LA.</li><li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li></ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Entender o contexto sociocultural da lingua para un mellor uso da mesma.	É consciente da variedade da lingua na fala, debido a diversos factores, e recoñece a variedade estándar como a normativa.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Respecta unhas normas de cortesía que facilitan a comunicación e o trato.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.	Valora a importancia da ciencia, que axuda a comprender o propio corpo.
	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica, así como mensaxes cifradas.

<i>Aprender a aprender.</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico, emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa os seus sentimentos, vivencias e ideas.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Forma unha imaxe axustada de si mesmo.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	Adopta unha actitude conciliadora para unha mellor convivencia.
	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.	É consciente das diferentes capacidades de cadaquén e adopta unha actitude de colaboración e respecto.
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.	Implícase activamente nos traballos de grupo.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a tolerancia e a xenerosidade, e rexeita calquera actitude discriminatoria ou ofensiva.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para recitar, cantar ou contar diante dos compañeiros, superando as dificultades.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese e respecto polas tradicións.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos a lectura no CD-Audio ou lémosllela en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coa ficha de comprensión lectora dos RF.

### Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido aos sentidos no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos as palabras polisémicas.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a identificar e clasificar os nomes.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA o uso do til diacrítico.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos co ditado complementario proposto na PD, e coas fichas de reforzo e de ampliación dos RF.

### Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a recitar un poema.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD (na primeira dobre páxina), de traballo cooperativo.
- Realizamos outras actividades de traballo cooperativo que propón a PD na páxina correspondente ao apartado de Expresión.

### Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA algunhas figuras literarias: a comparación e a metáfora.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.



**Tarefa 8:** A nosa cultura

- Aprendemos aspectos da nosa cultura no LA.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

**7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

- Reforzar as habilidades de comprensión lectora e expresión escrita, así como a recitación e a expresión oral.
- Fomentar a participación activa, a través do debate, poñendo en común experiencias propias, opinando...
- Traballar valores por medio da reflexión e a argumentación das ideas propias. Neste sentido, pódese aproveitar a lectura inicial como punto de partida.
- Fixar hábitos de traballo (ler e reflexionar antes de contestar, consultar o apéndice do libro para resolver dúbidas, escribir con limpeza e orde, deixar marxes e interliña...) e habituar ao alumnado tanto ao manexo correcto do dicionario como á utilización das TIC. Estas últimas son fundamentais para reforzar, complementar e ampliar a información que achega o libro.
- Espertar e estimular no alumnado o interese pola tradición, así como a participación activa nas actividades de grupo.

**8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- Murais de conxugacións verbais.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
  - Celia Ruiz Ibáñez: *Antoloxía da poesía galega para nenos*, Susaeta Ediciones.
  - Dorothe Schubarth e Antón Santamarina: *Cántigas populares*, Ed. Galaxia, col. Biblioteca básica da cultura galega.
  - -----: *Cancioneiro popular galego*, Ed. Fundación Pedro Barrié de la Maza. (Pódese consultar na Rede: <http://www.fundacionbarrie.org/cancioneiro/>)
  - Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez: *O libro dos cen poemas*, Ed. Espiral Maior.
  - VV.AA.: *Maletín enredos e xogos dos sentidos*, Nova Galicia Edicións.

**Recursos dixitais**

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.

- Información de interese:
  - Maleta de poesía: [http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/diptico\\_maleta.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/diptico_maleta.pdf)
  - Letras de cantigas populares galegas:  
[http://www.ogalego.eu/exercicios\\_de\\_lingua/exercicios/pasatempos/cantigas.htm](http://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/pasatempos/cantigas.htm)
  - Cancións populares galegas en *Galicia espallada*:  
[http://galicia.swred.com/canciones\\_populares\\_galegas.htm](http://galicia.swred.com/canciones_populares_galegas.htm)

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevezo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?